

Roberto González Fernández

# CONTROL: EDUCACIÓN

Museo Provincial do Mar (San Cibrao-Cervo)



Aparece. Leva unha corda  
amarrada á cabeza  
e ri  
ante a perspectiva de verse sen cabeza.

Vestida dun branco impoluto  
da súa boca gotexa o sangue  
dalgún animal  
ou dalgún peixe.

Garda para si todos os segredos  
do divino  
e sorrí  
coma quen se sabe dona  
de todo aquilo  
que ninguén ama.

A súa mente  
obedece ás leis do xenocidio  
e da mecánica.

Gardiá da compracencia  
gosta de vestir  
coma unha virxe.

Tatuada no antebrazo  
a esquela  
dos que algunha vez  
lle deron algo.

Hidrátase do mundo  
e atravesa os seus valados  
cada día.

Vampira de amantes empalados  
tratante de plumas.

Aparece sempre  
rota  
nos retratos / nas radiografías

E en cada meniña  
está.

A todas as miradas se abre.

*Olalla Cocina*